

**ASUNTO:**Traballos de silvicultura no Monte Comunal de San Xurxo (L.I.C. Costa Ártabra), Concello de Ferrol.

Ferrol, 16 de novembro do 2010.

**Sr. Delegado Provincial do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia:**

**Sr. Delegado Provincial de Medio Rural:**

O núcleo comarcal da asociación ecoloxista Verdegaia (bisbarras de Ferrol, Eume e Ortegal) e a delegación en Ferrol da Sociedade Galega de Historia Natural, diríxense a vostede para manifestarlle o noso malestar e rexeitamento aos traballos silvícolas que se están levando a cabo na actualidade no Monte Comunal de San Xurxo (Concello de Ferrol), integrado no L.I.C “Costa Ártabra” e na Z.E.P.A. “Costa de Ferrolterra-Valdoviño”, ao afectaren a unha serie de hábitats naturais e de especies amparados pola Directiva 92/43/CEE do 21 de maio, de Conservación dos Hábitats Naturais e da Flora e Fauna Silvestres e pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que motivaron a inclusión deste monte costeiro na Rede Natura 2000.

Nas aproximadamente 300 hectáreas que están resultando afectadas polos traballos de desbroce e de reforestación no Monte de San Xurxo, aséntanse comunidades vexetais e faunísticas que constitúen hábitats naturais que a Unión Europea, a través da Directiva 92/43/CEE, considera de interese comunitario, destacando os seguintes:

- . \* 2130 Dunas fixas con vexetación herbácea (dunas grises); considerado como hábitat prioritario.
- . 2230 *Dunas con céspedes de Malcolmietalia*.
- . \*4020 *Queirugais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix*; considerado como hábitat prioritario.

Entre a fauna, destacar a presenza de *Circus cyaneus* (especie Invernante e paso migratorio, catalogada como Vulnerabel), *Asio flammeus* (Invernante e en paso migratorio; rapaz moi escasa na Galiza); *Alauda arvensis* (poboación en declive); *Sylvia undata* (Nidificante, poboación en declive); *Lanius collurio* (Nidificante); *Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica* (especie invernante, catalogada En Perigo de Extinción), etc.

A intensidade e extensión dos desbroces que na actualidade se están levando a cabo no Monte de San Xurxo distan considerabelmente das labouras que tradicionalmente se víñan desenvolvendo até ben pouco relacionadas con actividades agropecuarias, en equilibrio sempre coas especies vinculadas á matogueira. As novas actuacións que se están a desenvolver están a producir graves alteracións nos hábitats naturais existentes ao eliminar de xeito sistemático grande parte do mato presente, dificultando a adaptación da fauna asociada á nova situación ao tempo de ficar desprovista dos seus lugares de acubillo; sendo deste xeito máis vulnerabeis aos seus depredadores. Por outra banda,

preténdense substituír estes hábitats de matogueira por monocultivos de piñeiros, dado que nas zonas desbrozadas contémpanse novas repoboacións, dacordo coa información facilitada polo responsabel do Distrito Forestal de Ferrol.

O artigo 29. 1 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza establece que *“O aproveitamento e uso dos bens e recursos incluídos no ámbito dun espazo natural protexido realizaranse de maneira que resulten compatíbeis coa conservación dos valores que motivaron a súa declaración, tal e como se dispón nos instrumentos de planeamento”*. Asimesmo, o apartado 2 do artigo 6 da Directiva 92/43/CEE, establece que *“Los Estados miembros adoptarán las medidas apropiadas para evitar, en las zonas especiales de conservación, el deterioro de los hábitats naturales y de los hábitats de especies, así como las alteraciones que repercutan en las especies que hayan motivado la designación de las zonas (...)”*. O artigo 5 da Lei 42/2007 do 13 de decembro dispón ademáis que *“Todos los poderes públicos, en sus respectivos ámbitos competenciales velarán por la conservación y la utilización racional del patrimonio natural (...) con independencia de su titularidad o régimen jurídico, teniendo en cuenta especialmente los hábitats amenazados y las especies silvestres en régimen de protección especial”*. Polo tanto, a prioridade neste caso debe ser a salvagarda dos hábitats naturais e das especies obxecto de protección; que neste caso estarían ameazados polo proxecto de desbroce e repoboación do Monte San Xurxo. De feito, no artigo 44 da Lei de Conservación da Natureza establécense como principios xerais os seguintes: *“2. Se otorgará preferencia a las medidas de conservación de las especies en sus hábitats naturales (...). 4. Se dará prioridad, en las actuaciones y planes de conservación, a las especies endémicas y aquellas otras cuya área de distribución sea muy limitada o su población muy escasa(...)”*.

En todo caso, é necesario xustificar esta intervención sobre os hábitats, encadrándoa nun plano de xestión que seguirá os pasos da lexislación específica. A devandita Lei de Conservación da Natureza adica o Capítulo 5 á planificación dos espazos naturais protexidos, sometendo estes á aprobación de planos de conservación (art. 31. 1 e 3), que deberán elaborarse nun prazo non superior a dous anos. Tendo en conta que a lei foi aprobada no 2001, enténdese que neste momento estaría elaborado o devandito plano de conservación. De non ser así, antes de levarse a cabo calquera tipo de actuación ou proxecto, debe redactarse previamente o correspondente plano de conservación.

O plano de conservación do Monte de San Xurxo deberá atender ás diferentes figuras de protección que o atinxen, entre outras a de Z.E.P.A.; polo que se deberá ter en conta a disposición derogatoria única da Lei de Montes que modifica o artigo 20. 1 e 20. 2 da Lei 4/1989 do 27 de marzo:

*“1. As zonas de especial protección para as aves son os espazos delimitados para o establecemento de medidas de conservación especial co fin de asegurar a supervivencia e a reprodución das especies de aves, en particular das incluídas no Anexo II desta Lei, e das migratorias non incluídas no citado anexo, pero cuxa chegada sexa regular”*.

*“2... No caso das especies migratorias terase en conta as necesidades de protección das súas áreas de reprodución, de muda, de invernada e as súas zonas de descanso ...”*.

Ademáis, considerando que a substitución da matogueira por monocultivos de piñeiros conleva un cambio no uso do solo, o proxecto de desbroce e de repoboación para o Monte de San Xurxo debe someterse previamente a unha Avaliación de Impacto Ambiental de acordo co artigo 3 do R.D. 1/2008, do 11 de xaneiro: *“1. Os proxectos públicos e privados consistentes na realización de obras, instalación ou calquera actividade comprendida no anexo I deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta Lei”*. O apartado a) do grupo 9 do debandito Anexo I especifica: *“Transformacións de uso do solo que impliquen a eliminación da cuberta vexetal arbustiva, cando ditas transformacións afecten a superficies superiores a 100 Has”*, lembrando que no Monte San Xurxo preténdese desbrozar arredor de 300 hectáreas.

Por todo o exposto, Verdegaiá e a SGHN (Ferrol) demandan a paralización inmediata dos traballos de desbroce e de reforestación no Monte de San Xurxo, por entender que vulneran a legalidade, ao supoñer unha ameaza para os hábitats naturais e as especies obxecto de protección e por non someterse o proxecto a unha Avaliación de Impacto Ambiental.

Agardando teña a ben considerar as nosas peticións, atentamente:

Asdo.: Miguel A. Fernández,  
Coordenador do N.C. de VERDEGAIA

Asdo.: Joám L. Ferreiro,  
Delegado da SGHN (Ferrol)